

3 As camias da artista Mónica Alonso son o sinal que me acordou. A cama, ese lugar de protección, íntimo, que medra conosco. Ese lugar de memoria e representación –a cama do Fiz no



2 A actividade latente, a choiva como barreira, dentro e fóra; rastros da acción de afeitar, da roupa e do vento na paisaxe, da morte –anticipación en Bonaval–, da eternidade e da inmensidade dos Ancares. Tacto, frío, cheiro, bretema, sabor tépedo. A atmosfera como fotoxenia, iso que soamente existe na imaxe técnica. E a atmosfera como figura expresiva: no luscuscoso do cuarto até albisar unha luzada que non fai parte da escena, que esta despois da xanela. A atmosfera como ese devalar que acontece só entre ti e a imaxe e por iso non podes retirar dela de enriba.



roteiro que o seu corpo ferido sempre facía, as camiñas vermellas das mulleres vermellas nas celas do vello cárcere de Lugo, o recuncho con cama, a cama da pequena burguesía, a escuridade do motivo, a claridade no punto de fuga, na construción do cadro, na esperanza. Ou o punto de luz que amplía a noite dos faros e as soledades do cuarto.



4 O VESTIXIO E A FUXIDA O rastro de algo que pasou, a acción inconclusa, a que non comenzo. O vestixio como palimpsesto do desexo e da certeza da súa imposibilidade, coma o corpo enlazado a outro corpo en Pompeia que, en algures, nos di: ama como ami, ama a quen entenda como ami. O vestixio, esa aparición dunha proximidade, por moi lonxe que esta quen o deixa. E a fuxida, esa aparición de algo remoto, por próximo que poida ser o que o evoca. Velat a incerteza da *imitatio*, velat a certeza da poética.

6 A IMAXE QUE LIBERA e que nos leva da man a ollar o envés da aparentancia. E a concreción dese agasalho do retrato porque sente que tes dereito a decidir: así me quero representar. Míudar o espazo da casa pola praza, botar a lingua como aceno non reconciliado, tir na penitencia e neses hábitos que a luz atravesa.



5 A OLLADA QUE MANCA A espera, a imaxe que aparece e a súa desaparición. Estar con, antes e despois, até chegar a esa icona definida por un obxecto indutor de asociacións de ideas –boneca e maternidade– que poden acoller o valor e a redución que efectúa o símbolo. Outra volta a boneca, a representación dunha ausencia, o desexo do pasado en presente.



8 A FOTOGRAFÍA COMO TESTEMUNHA Ocular, como mediación para dar a ver e, excepcionalmente, para facer que as cousas acontezan. Imaxes do traballo do agró e do mar, do corpo encrequeado, do movemento exacto ao recoller o aparello, repetido de noite dos tempos. Imaxes de clase subalterna. Imaxes que queres esquecer. Que unen a fotografía coa praza, co conflito, co grito que non sae da boca.



7 A FESTA COMO SINTOMA dese momento que se repite ao longo do tempo e que nos fala dos homes e das mulleres que decidiron vivir en común, recoñecerse como pertencentes a unha colectividade na historia, e que decidiron partillar determinados rituais e facer canda eles sinais que nos diferencian como humanidade: a festa. O abarato do táctil, da lambedada, da creba da norma. O desacomgo da iniciación. A fin no comenzo. A sedución.



Anna Turbau Galicia 1975–1979

A intimidade da imaxe

A intimidade da imaxe artículase a través de diferentes itinerarios cuxa marca é a cor, o tamaño das fotos xunto á súa disposición ou o espazo articulado por dúas cabeceiras, no artesoadado e na capela, esta última para a escolma de fotografías presentadas como un mural, da produción do ano 1993 *Santiago, pequena historia natural*, e desenvolve unha proposta discursiva cuxas ancoraxes son as seccións que, a seguir, ciframos á espera de que alguén as descifre:



1 O ROSTRO QUE TE MIRA Dende as primeiras imaxes de Anna en Galiza, a das nenas coas velas a arder, o ritual, a connotación do obxecto, a textura do abrigo novo, a ansia por saír do abafado da representación (da *performance* procesional) cara á foto, cara á imaxe... até sentir «a dor do que che falta¹», a imposibilidade de entrar nese lugar en que o oráculo da esfinxe, contido coma un trasacordo, é a meiga de «Pasteco» que deita o seu ollar na luz.

¹ Esta notación de Blanchot sobre a función do/da intelectual apliqueina en *Do bucle e da fenda*. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega, A Coruña, RAG, 2009.

Nun lugar de seu, cunha fronteira física marcada pola entrada á sancristía do que noutro tempo foi capela, engádesse un apartado documental, tanto do contexto en que estas e outras imaxes foron publicadas como de certos obxectos da biografía autoral da Turbau, na que o persoal como referencia e como presenza en cada obra, esa obra á que se asemella e coa que se compromete, se nos desvela. O corpo das mulleres, o aceno, a ollada, a revolta, o rastro que fica, o indicio, a atmosfera como figura expresiva son variacións a través das cales a imaxe do real se formaliza. Anna Turbau racha co canon da foto para a prensa e entra en relación con cada material, con cada situación que, a partir do *de clic*, é unha foto para ti, que miras.

MARGARITA LEDO ANDIÓ

Organiza
Consello da Cultura Galega

Comisaría
Margarita Ledo Andión

Editora da publicación
Natalia Poncela López

Colabora
Universidade de Santiago de Compostela
Centro Galego de Artes da Imaxe. Xunta de Galicia
Televisión de Galicia

Deseño
Numax

Fotografía
Copias de autor

Montaxe
Escenosest

Sinaléctica
Campus na nube

Impresión
Axencia Gráfica

das fotografías
Anna Turbau


dos textos
Margarita Ledo Andión



9 PAISAXE INTERIOR Esa estraña continuidade na forma, esa incrustación do corpo na paisaxe, esa harmonía que magoa ao termar do feixe de verzas pola eternidade. Outras mulleres antes; outras, agora máis novas, que axexan.

SANTIAGO, PEQUENA HISTORIA NATURAL (1993). Un proxecto producido pola USC que hoxe forma parte do fondo fotográfico do CGAI. Como apunta Pepe Baeza:

«Visión intimista, deliberadamente desprovista de protagonistas, na que os espazos e os obxectos son rescatados da insignificancia».



Anna Turbau
Galicia 1975–1979
A intimidade da imaxe

19 de outubro
16 de xaneiro de 2018

Sala de exposicións
do Colexio de Fonseca
Praza de Fonseca, s/n.
Santiago de Compostela

